



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (24/03/2021 e 28/04/2021)**

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 24/03/2021, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 28/04/2021, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2.- Dar conta da Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) e anulación de expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra (Expdte. núm. 2020/C004/000002).**

Visto que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, celebrada o vinte e catro de novembro de dous mil vinte, aprobou os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, así como o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra (Expdte. núm. 2020/C0040/000002).



Visto que con data 06 de decembro se publicou anuncio de licitación do referido contrato na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP), e os pregos correspondentes ao día seguinte.

Visto que con data 30 de decembro de dous mil vinte, don José María Hernández de Andrés, en representación da Asociación Estatal de Entidades de Servicios de atención a domicilio (ASADE), presentou en prazo no rexistro electrónico deste concello, en calidade de órgano de contratación, recurso especial en materia de contratación previsto no artigo 44 da LCSP contra do prego de cláusulas administrativas que rexen a licitación, fundamentado nos seguintes motivos:

*“O recorrente impugna os parámetros económicos da licitación, ao considerar que non se da cumprimento ao establecido na normativa contractual. O recurso sinala que se descoñece “los costes indirectos o si se ha tenido en cuenta a la hora de configurar el PBL conceptos como formación, absentismo, partidas económicas destinadas a material COVID, etc.” e que “ en el desglose por anualidades del Presupuesto, se observan que los importes no son coincidentes, como tampoco el precio/hora dado a las mismas. Al no haber desglose, se desconoce a qué puede ser debida esa disfunción.”*

Visto que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), competente para resolver o recurso, ditou Resolución nº 75/2021, do 6 de abril, na que textualmente se establece:

*“En definitiva procede estimar en consecuencia o recurso presentado e anular o prego de cláusulas administrativas particulares no que se refire ao orzamento e valor estimado da licitación, cos demais efectos que procedan en dereito*

*Por todo o anterior, vistos os preceptivos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, RESOLVE:*

*1.- Estimar o recurso interposto pola ASOCIACIÓN ESTATAL DE ENTIDADES DE SERVICIOS DE ATENCIÓN A DOMICILIO (ASADE), contra os pregos da contratación da prestación dos servizos de axuda no fogar, mediante o acceso por libre concorrència e para persoas en situación de dependencia, expediente 2020/C004/000002 do Concello de Vedra.*

*2.- Levantar a suspensión acordada no seu día.*

*3.- Ao abeiro do artigo 57.4 da LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para darlle cumprimento a esta Resolución”.*

Considerando o disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello, 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, proponse ao Pleno:

**PRIMEIRO.-** Declarar a nulidade do expediente de contratación tramitado por este concello para a adxudicación do Servizo de prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra (Expdte. núm. 2020/C004/000002) , de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia na súa Resolución núm. 75/2021

**SEGUNDO.-** Iniciar un novo expediente de contratación, mediante procedemento aberto, no cal se teñan en consideración os fundamentos expostos na Resolución núm. 75/2021, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**TERCEIRO.-** Notificarlle este acordo aso licitadores presentados.



**CUARTO.-** Publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) , así como na Sede Electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

**QUINTO.-** Dar traslado deste acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Pleno asume a resolución do Tribunal de Contratación e a conseguinte proposta.

**3.- Aprobación, se procede, dos pregos e do novo expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vedra. (Expdte. núm. 2020/C004/000002).**

Por parte da Presidencia dáse conta do novo estudo económico do custo do servizo. A continuación, vista a necesidade de contratar a prestación do servizo de axuda no fogar, dado que a empresa que vén prestando actualmente o servizo rematará o contrato proximamente.

Vistas as características do contrato que se pretende adxudicar:

<b>Tipo de contrato :</b> Servizos
<b>Número de expediente:</b> 2021/C004/000002
<b>Obxecto do contrato:</b> Prestación do servizo de axuda no fogar, mediante o acceso por libre concorrência e para persoas en situación de dependencia. O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal e nos casos de desorganización familiar, facilitando a permanencia na súa propia contorna de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando e retrasando a súa posible institucionalización.
<b>Procedemento de contratación:</b> aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (criterios dependentes dun xuízo de valor e criterios avaliábeis de forma automática). Contrato suxeito a regulación harmonizada (artigo 22.c da Lei 9/2017, do 8 de novembro. LCSP)
<b>Tipo de tramitación:</b> Ordinaria
<b>Código CPV :</b> 85000000 (Servizos Sociais)
<b>Valor estimado do contrato:</b> 2.185.246,38 euros (IVE excluído)
<b>Orzamento base de licitación:</b> 2.287.997,00 euros (incluído o IVE)
<b>Duración da execución:</b> 2 anos + 1 de prórroga. Duración máxima: 3 anos

Visto o disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro,

Propónse ao Pleno:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (criterios dependentes dun xuízo de valor e criterios avaliábeis de forma automática), tramitación ordinaria, do contrato de *Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Vedra.*

**SEGUNDO.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a súa contratación.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto correspondente:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
1ª anualidade	231/22799	741.069,46 euros
2ª anualidade	231/22799	762.787,06 euros
3ª anualidade (prórroga)	231/22799	784.140,48 euros
TOTAL		2.287.997,00 euros

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), deixando constancia no expediente da data de envío do mesmo.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación de acordo co establecido no artigo 156 e seguintes da LCSP 2017, tramitación electrónica, procedendo a publicar no Perfil do Contratante (<https://contrataciondelestado.es>) anuncio de licitación e demais documentación integrante do expediente.

SEXTO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato, as competencias en materia de interpretación, modificacións, resolución do contrato, e demais actos de tramitación do procedemento.

A Presidencia di que houbo un recurso dunha asociación de Madrid. O TACGAL deulles a razón respecto ao informe económico e optouse por facer o estudo tal e como lle indicaron. O resto dos pregos é exactamente igual. Logo da revisión, no informe hai unha pequena variación no importe.

Este estudo económico vaise traspasar a os pregos que xa estaban elaborados. O valor estimado da licitación é máis alto, o que non quere dicir que vaia saír máis caro. É un prezo que garante perfectamente a parte de atención fundamental aos dependentes e que permite que se poidan cumprir todas as melloras laborais acordadas coas traballadoras. Solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que si afecta o feito de subir o prezo da licitación, porque o máis normal é que suba tamén o prezo da adxudicación. Repróchalle que unha vez máis vaian tarde e que non lle fixera chegar ese prego modificado. Tamén di que vai supoñer un desembolso máis grande para o concello que é a administración que máis cartos pon.

Anuncia o voto a favor do seu grupo polas melloras que vai supoñer para as traballadoras.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo vai votar a favor. Cre que as melloras ás traballadoras é o punto importante para votar a favor.

Solicita que para a próxima vez se revisen ben os pregos dende un principio e non ter que esperar case un ano para licitar un dos servizos máis importantes do concello.

A Presidencia respóndelle á representante do BNG que o informe económico que fixo o concello é moi realista. Discrepan dalgunha cuestión que formulou o TACGAL, e aínda así tomaron nota do que solicitaba e cambiárono nos pregos para que non houbera ningún problema.

Contéstalle á voceira do PSdeG-PSOE que o informe é exactamente o mesmo, simplemente houbo un cambio nun cálculo matemático.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, fai insistencia no déficit de financiamento deste servizo por parte da Xunta de Galicia e do Estado. A Xunta de Galicia ten que comprometerse a facelo para que o Estado achegue a súa parte. Pregunta se a Xunta de Galicia vai poñer os cartos para liberar desta carga aos concellos.

A Presidencia resposta que a súa información é que si o vai facer, que vai subir a achega do prezo por hora.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

**4º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do BNG para a planificación e ordenamento das explotacións agrícolas municipais.**

A Presidencia solicítalle ao BNG máis tempo para estudar a moción con detemento, contestándolle o Sr. Pose Rodríguez, do BNG, que non hai inconveniente, quedando para a seguinte sesión plenaria.

**5º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do BNG en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentable, xusta e galega fronte ao espolio ea depredación.**

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, na que expoñen que Galicia sofre un boom eólico sen precedentes, que se está a desenvolver sen unha axeitada planificación e control público e sen garantía para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dous usos sociais e económicos do noso territorio.

Este desenvolvemento que podería ser positivo estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobou a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, coñecida como “lei de depredación”, e máis recentemente, coa coartada da COVID-19 seguía o camiño da falta de regularización e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica.

Isto acontece ademais nun momento de crise industrial, onde curiosamente ao mesmo tempo que Galicia bate rexistros de xeración eólica, bate rexistros de desmantelamento industrial. Aínda que Galicia nunca xerou antes tanta enerxía eólica, e segue a exportar enerxía eléctrica para outros territorios, non obtén un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecemento como fai este modelo espoliador.

Dende o BNG reclaman un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentable, xusta e galega fronte ao espolio e depredación, polo que propoñen ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Demandar da Xunta de Galicia as seguintes medidas:



**1.** Desenvolver e aprobar un novo marco de regularización do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posible, tendo en consideración as necesidades de Galicia e o papel doutras tecnoloxías.

**2.** Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte dos compoñentes sexan desenvolvidos en Galicia.

**3.** Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agro gandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

**4.** Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural ou á biodiversidade e máis á prevención dos problemas derivados da crise climática.

Singularmente:

**a)** Paralizar preventivamente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

**b)** Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei, sexan fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deban ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

**c)** Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, áreas de interese paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

**5.** Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

**a)** Mellorar a información dispoñible a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada



(proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

**b)** Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

**c)** Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o que se está a vivir co tema dos eólicos é consecuencia dunha foto dun presidente dunha compañía enerxética abrazándose a Feijoo a tarde na que gaña as eleccións autonómicas ao bipartito. O primeiro que fixo Feijoo foi tumbar ao día seguinte a lei dos eólicos.

Aquela lei recollía unha socialización dos beneficios, unha protección sobre o medio ambiente, recollía un proceso de negociación moito máis limpo, etc. En definitiva, a xestión enerxética do país que fai o PP é unha catástrofe e unha depredación. A enerxía que producen os galegos marcha para outros sitios e practicamente non queda ningunha en Galicia. O problema é que ao non quedar ningún beneficio, isto supón que o medio ambiente, os propietarios, as comunidades de montes, etc son os que perden, que curiosamente son votantes do PP.

É unha moción de partido que busca poñerlle freo á depredación enerxética e solicita o apoio á mesma.

O Sr. Costa Carneiro contesta que o seu grupo non vai votar a favor porque esta moción vai en contra do sector eólico, un sector vital e estratéxico para Galicia,

As renovables e, en concreto o sector eólico, supoñen unha oportunidade para crear emprego e riqueza en Galicia. A Xunta seguirá traballando para que os proxectos que se desenvolvan na Comunidade garantan a compatibilidade da produción de enerxía eólica coa protección e un medio ambiente sustentable. Así contarase cada vez cunha Galicia máis verde.

Galicia, que está por riba da media estatal e europea en termos de produción e consumo de renovables, segue apostando polo desenvolvemento das enerxías autóctonas e, en concreto, do sector eólico como fonte de riqueza e emprego a través dun impulso ordenado con todas as garantías técnicas, ambientais e urbanísticas.

Galicia, que é a terceira comunidade autónoma con máis potencia eólica instalada (só por detrás das dúas Castelas), debe seguir avanzando nesta liña.

Na actualidade, están en funcionamento 180 parques que suman unha potencia instalada de 3.800MW, coa previsión de desenvolver 450MW ao ano ata 2030.

Só durante o ano pasado, puxéronse en marcha 18 proxectos (415MW), o que se traduciu nun investimento de 509 millóns de euros, creando durante a súa fase de construción preto de 2.400 empregos.

Ademais os compromisos para o ano 30, nos que tamén o concello está implicado, supón apostar por enerxías renovables, reducindo as enerxías fósiles. Aínda que xa se pasou dun 75% a un 71%, aínda queda moito por avanzar...



Algúns datos importantes que reflicten a situación do sector eólico en Galicia son:

- 1.- O sector eólico ten uns 7.000 postos de traballo asociados a el de maneira directa e indirecta.
- 2.- Supón unha contribución total ao PIB galego de 581,4 millóns de euros, o que supón o 0,9% de Galicia.
- 3.- Abonáronse aos propietarios dos terreos preto de 11 millóns de euros en concepto de alugamento.
- 4.- A produción eólica cobre arredor do 50% do total da demanda de electricidade en Galicia.
- 5.- O saldo da balanza fiscal supuxo 118,2 millóns de euros, dos cales 60,5 millóns foron abonados directamente á Xunta e aos respectivos concellos.
- 6.- Supón un aforro de importacións de combustibles fósiles por valor de 255 millóns de euros, xunto con 5,4 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> evitadas.

Por outro lado, a moción que emprega un estilo e unha linguaxe no apropiada, dura, pois fala de depredación, espolio, fraude, descontrol... , apoiase en varios argumentos/premisas que para o equipo de goberno, non son correctas.

Cando fala de falta de planificación, precisamente existe un plan eólico galego que permite saber onde se poden instalar un aeroxerador ou un parque eólico e onde non. Hoxe mesmo saíu nos medios que a Xunta paralizou 35 proxectos porque están planificados para zonas non autorizadas polo Plan. Ese propio Plan xa non permite aeroxeradores en Rede Natura.

En canto ao de desprotección, existe unha normativa comunitaria, unha lei base do estado de protección ambiental... que se teñen que cumprir.

Cando fala da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, esta lei non se fixo para o plan eólico. É unha norma que están a desenvolver as distintas comunidades do estado, sexan da cor política que sexan, a raíz da pandemia para impulsar a economía e crear emprego. Insinuar que isto é unha vía para permitir estas instalacións eólicas non lle parece axeitado.

Cando fala de paralizar, a obriga de calquera administración pública é tramitar as solicitudes ou os proxectos que se lles presenten de conformidade coa legalidade vixente. E esta obriga tamén é aplicable aos proxectos eólicos. E neste ámbito a referida lexislación ofrece todas as garantías para avaliar os posibles efectos sobre os valores naturais, culturais e estéticos do lugar e para determinar, en función do resultado desta análise, a súa conservación e compatibilidade (ou non) entre todos eles e co resto de actividades económicas.

Tamén di na moción que hai un montón de proxectos; cando o que hai son moitas solicitudes o que non quere dicir necesariamente que lles vaian conceder a licenza.

Coincide na importancia do sector para Galicia pero non ten a visión de catastrofismo que ten o BNG... algo que, por outra parte xa ten acontecido con anterioridade.

Coa información que ten considera que non se van equivocar e confía na normativa, nos técnicos que a aplican e no seu cumprimento, polo que aqueles proxectos que non cumpran as condicións está seguro de que non sairán.

Os proxectos eólicos tramítanse con total transparencia, pasan por información pública para que a cidadanía e todas as partes interesadas coñezan a documentación e poidan presentar as alegacións que estimen oportunas, que serán tidas en conta na súa avaliación, xunto cos informes dos organismos sectoriais en función das afeccións do proxecto.

O modelo da Xunta de Galicia avoga por favorecer un desenvolvemento ordenado do sector eólico, sempre que sexa compatible co resto de actividades económicas –neste





caso, principalmente, vinculadas ao sector primario e forestal– e desde o máximo consenso con todas as partes implicadas (en particular, cos propietarios particulares e comunidade de montes onde se instalan os proxectos eólicos), respectando os acordos que poidan alcanzar entre promotores dos proxectos e propietarios dos terreos.

Por esas razóns, o grupo de goberno votará en contra da moción.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, está de acordo coa exposición de feitos que fixo o BNG. O seu partido tamén presentou propostas no Parlamento Autonómico sobre este tema. Si é certo que hai un descontento social sobre isto e o seu partido denunciou e solicitoulle á Xunta de Galicia que impida a fragmentación irregular de parques eólicos coa que un macroparque se poida dividir en varios pequenos para evitar unha tramitación ambiental máis rigorosa. Tamén solicitou que se estableza o canon eólico pola potencia instalada nos parques e non por muíño, así como denunciou o pouco que reverten en Galicia eses beneficios que obteñen as empresas. A Xunta de Galicia esixe moi pouco compromiso social a ese tipo de empresas.

O que o PSdeG-PSOE lle reclama á Xunta de Galicia é que busque o consenso nese novo plan e que sexa máis esixente co medio ambiente e que teñan un maior compromiso social con Galicia.

O seu grupo vaise abster, porque cre que o foro para discutir isto non é este.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que 7.000 postos de traballo para o 1% da riqueza do país lle parece aceptable, pero non é certo. Xera menos traballo case que probablemente as hidráulicas, as empresas de mantemento son todas estranxeiras, fundamentalmente alemás e americanas. Dúas delas, Anova e Gamesa, galegas, están practicamente en quebra.

Di que se abre a veda para implantar muíños en Galicia e o PP cre que a lexislación galega é correcta, restritiva e que protexe o medio ambiente, cando en realidade ocorre o contrario; é demasiado laxa. Isto non acontece en Navarra, País Vasco, etc.

Segue pensando que é un caso de depredación e hai unha frase que resume todo: “os galegos seguiremos sendo os braceiros de Castela” e o PP os facilitadores.

Intervén o Sr. Costa Carneiro, do PP, para dicir que o seu partido non se considera facilitador de todas esas intencións que di o BNG.

O dato do emprego sacouno dunha publicación que cita o BNG como fonte na moción, que é o Observatorio Eólico Galego.

Respecto da foto de Feijoo co presidente de Iberdrola, di que tamén houbo unha foto dun vicepresidente da Xunta de Galicia con competencias neste tema, cun empresario do sector eólico.

O modelo que ten a Xunta de Galicia avoga por defender o desenvolvemento dese sector, tratando sempre que sexa compatible co resto das actividades económicas e intentando acadar un consenso.

Posta a votación, rexéitase con oito votos en contra do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos a favor do BNG.

**6º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención á Deputación Provincial, a través de convenio, para a posta en funcionamento, dinamización e adhesión á Rede Provincial de Coworking do Centro de Emprendemento do Concello de Vedra, dentro da liña 2.2 PEL-EMPRENDE.**



A Estación de Ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla foi cedida ao concello por ADIF. O proxecto de rehabilitación da mesma, que se levou a cabo en varios anos, foi financiado por diferentes organismos e estratexias, dende fondos nacionais e europeos, a través de obradoiros de emprego

A día de hoxe, o equipamento está rematado e preténdese poñer en marcha o denominado Centro de Emprendemento “A Estación”, espazo de traballo dispoñible para emprendedores/as e novas empresas que ten como finalidades apoiar a creación e consolidación de empresas e fomentar o traballo colaborativo a través do uso do espazo coworking. Conta con dous espazos de traballo, dúas salas de reunión, unha aula de formación, un espazo coworking con ata 10 postos fixos, un pequeno auditorio e un espazo multiúsos.

Polo que se propón ao Pleno:

PRIMEIRO.- Declarar a excepcionalidade e singularidade do proxecto *Posta en marcha e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación*.

SEGUNDO.- Solicitalle á Deputación Provincial unha subvención nominativa no marco do Plan de Emprego Local (PEL) para o citado proxecto, cuxo orzamento é o seguinte:

	Orzamento Total	Solicitado á Deputación	Achega municipal
<i>Posta en marcha e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación</i>	73.100,00	58.100,00	15.000,00

A Presidencia di que a estación de Santa Cruz é un complexo duns 9.000 m<sup>2</sup>, onde a metade aínda mantén ese uso industrial como terminal de carga de madeira e o resto é un espazo público onde se atopan varios elementos como a antiga casa da estación, os aseos, naves de carga ao que se engade un antigo coche motor cedido por ADIF.

Este proxecto é un plan no que se trata a recuperación e posta en valor de toda a estación e dos espazos que a acompañan, como un centro de emprendemento, algo que xa se vén desenvolvendo dende hai quince anos. Moitas das rehabilitacións foron financiadas con achegas de diversos organismos, estratexias, fondos internacionais, europeos, obradoiros de emprego, etc. A día de hoxe, aínda que quedan cousas por rematar, o equipamento para o emprendemento está rematado.

A pandemia retrasou esta posta en marcha, pero cre que agora mesmo é o momento ideal para poñer en marcha este espazo de traballo colaborativo onde se ofrezca un servizo público orientado ás persoas emprendedoras e ás empresas do territorio. Un centro onde traballar o fomento do emprego, a dinamización do tecido empresarial, a difusión de coñecementos, as competencias e habilidades á hora de emprender e poñer en marcha novos negocios.

De aí o interese en solicitarlle á Deputación este apoio para o funcionamento e dinamización deste centro de emprendemento, e á vez, están interesados en formar parte da Rede Provincial de Espazos de Traballo.

É un traballo que fixeron os técnicos municipais de xeito eficaz e eficiente en contacto e colaboración cos técnicos da Deputación. Tivo unha reunión cos técnicos da Deputación e co deputado responsable deste proxecto e a idea é poñelo en marcha o máis pronto



posible. A planificación é a dous anos, onde a Deputación pon 58.000 € e o concello os 15.000 € restantes.

Solicita o apoio a este acordo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que é un requisito das bases da subvención que teña que ser aprobada en pleno.

Ese espazo no que o concello ten investido tantos cartos, parécelle ben que se poñan a traballar para atoparlle unha utilidade.

Di que teñen que pedirlle a subvención á Deputación porque a Xunta de Galicia está desaparecida. O PP vén de rexeitar unha iniciativa parlamentaria socialista para incrementar a contía consignada pola Xunta de Galicia para o fomento do emprego ata 8,5 millóns. A Deputación, a pesares de ser unha administración que non ten competencias en emprego, dedica 6 millóns para concellos de menos de 20.000 habitantes.

Cre que o PP debería mudar esa postura, porque todo o que se faga polo emprego é pouco.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai votar a favor, porque unha vez que está iso feito haberá que utilizalo, aínda que sexa por xente de fóra de Vedra.

A Presidencia di que espera que ese espazo sexa usado por xente de Vedra, aínda que é indubidable que ao estar dentro da Rede da Deputación outras persoas da provincia poderían usalo.

Cre que a Xunta de Galicia ten políticas activas de emprego e apoio aos emprendedores moi importantes ás que destina moitos cartos. Recórdalle á voceira do PSdeG-PSOE, que moitos dos cartos investidos na estación proviñan de programas e subvencións propios da Xunta de Galicia.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

### **7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ás plantacións de viñado en Vilanova, son opinións que xa foron contestadas no pleno anterior.

2º.- Sobre a contía das axudas ao sector da hostalería en Vedra, a Presidencia di que aínda non remitiron as cifras concretas dende a Xunta de Galicia. Cando as teña enviarallas e darase conta das mesmas ao Pleno.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto do estado das pistas en San Mamede, posta a punto dunha zona de Vilanova e o recheo da pista do Burgo, di que toman nota.

2º.- Sobre a dixitalización das oficinas de correos rurais, a Presidencia di que non son as oficinas, senón os propios carteiros rurais, que os van equipar con PDA coas que os



veciños van poder facer máis cousas das que fan agora (pagar recibos, etc). Están con probas en varias zonas rurais de España.

3º.- Respecto a que fan cos cans recollidos antes de levalos ao refuxio de Bando, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que se recolle o can e miran se ten microchip. No caso de que o teña chámase ao propietario para que o veña a recoller e se non o ten lévase a Bando. Cando coincide en fin de semana ou fóra do horario do refuxio, déixase na canceira que hai na nave de Trobe ata que se poida levar ao refuxio de Bando.

4º.- Sobre o ritmo da vacinación contra a COVID entre os veciños de Vedra, a Presidencia di que vai rápida e áxil na área sanitaria de Santiago. Intervén dona Beatriz Amenal para dicir que hai persoas maiores que non teñen teléfono móbil e parece ser que algunha quedou atrás. Pregunta se iso se solucionou.

O Sr. Cernadas Méndez di que existe un teléfono para eses casos, o 881 002 021 de luns a venres de 8:00 a 21:00 horas.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que houbo xente á que chamaron durante 2 segundos e despois intentou chamar de volta e non collen o teléfono. Moita xente non sabe que ten que chamar a ese teléfono e cre que sería ben poñelo no boletín.

A Presidencia di que lle parece unha boa idea, e cre que son casos excepcionais.

5º.- Respecto a quen é o actual responsable do punto limpo, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que non é a mesma empresa. A empresa que xestionaba antes o punto limpo, ata xaneiro/2021 era Coregal S.L. mediante un convenio de colaboración que tiña data de finalización e que non quixo renovar a empresa por motivos económicos. O concello buscou unha alternativa polo que se fixo outro convenio de colaboración con Ampro servizos ambientais.

6º.- Sobre a senda peonil en Tomonde, a Presidencia contesta que é un tramo pequeno entre a zona da capela das Dores e o lugar de A Lagoa. É algo que viñan reclamando os veciños da zona dende hai tempo, porque é un tramo de estrada estreito sen beirarrúa e onde hai un alto paso de vehículos e peóns.

7º.- Respecto a posta a punto das áreas recreativas do concello de cara á tempada de primavera e verán, di que toman nota.

8º.- Sobre a apertura da piscina municipal, di que será nos meses de xullo e agosto. Toda a información ao respecto irá no próximo boletín informativo.

9º.- Respecto a cal é a taxa de uso da web “Hai Vedra”, cantas vendas se produciron e se se pode facer publicación máis alá do ámbito local para atraer veciños doutros concellos, a Presidencia contesta que xa se está facendo esa campaña, por exemplo en Radio Estrada. Nuns meses terán datos máis obxectivos e poderase ver as fortalezas e debilidades da mesma.



10º.- Sobre as diferentes axudas económicas que se concederon no departamento de Servizos Sociais, a Presidencia cédelle a palabra a dona Susana García, que di que respecto ás axudas económicas polos diferentes conceptos (necesidades básicas, alugamento, subministración eléctrica, equipamento básico, habitabilidade, arranxos, etc) no ano 2020 foron 30.782,63 €, repartidos en 31 expedientes.

No que vai de 2021, foron 6.791,41 € repartidos en 6 expedientes. Isto en canto a axudas de emerxencia social.

No que se refire a bonos de alimentos, que son todos de 50 €, no ano 2020 dende o 30/03/2020 ata decembro incluído, entregáronse 79 bonos (3950 €)

No ano 2021 ata o 30/04/2021, entregáronse 28 bonos (1.400 €).

En canto ás axudas de ensino e transporte para o 2020-2021, en transporte foron 900 € repartidas en 4 axudas, dúas de 300 € e dúas de 150 € . Tres das solicitudes foron denegadas por non corresponder a estudos que figuraban nas bases da convocatoria.

As axudas do ensino foron 49 por un importe total de 5.100,97 € de conformidade cos importes xustificados. Tres solicitudes foron excluídas por non estar empadroadas no concello e tres por superar os 10.000 € ao ano.

O gasto foi máis do dobre respecto a anos anteriores. Os conceptos que supuxeron maior gasto foron as necesidades básicas para as que se aplicou en moitos casos o bono de alimentos. Foi para dar unha resposta inmediata a esas necesidades dado o desbordamento da demanda durante os primeiros meses, aínda que sempre co correspondente trámite de acordo coa ordenanza e nalgúns casos houbo o correspondente proxecto de inserción segundo contempla tamén a ordenanza.

Todo o proceso fíxose de acordo coa ordenanza, en resposta a garantir ese dereito, non con carácter asistencial. Fíxose un gran esforzo para que ninguén quedase sen pagar o alugueiro, hipoteca, alimentos e outras necesidades.

Cando os ERTES non se resolvían foron a única administración que deu resposta inmediata ás necesidades. O departamento de servizos sociais traballou arreo de mañá, tarde e sábados. Todo iso conseguiuase grazas ao bo facer e xestión das técnicas de servizos sociais e a este equipo de goberno.

11º.- Respecto á publicación no boletín de información municipal da reactivación do servizo telefónico de información á atención sobre os dereitos das mulleres, 900 191 010 de luns a venres de 9:00 a 20:00 horas e os sábados de 9:00 a 14:00 horas, Dona Susana García responde que agradece a súa suxestión se sumarana aos demais teléfonos da muller como son o 016, os teléfonos de servizos sociais, do CIM e o da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia formado por un equipo multidisciplinar.

O teléfono que suxire é o do Instituto da Muller de Madrid, e esa mesma información téñena as mulleres galegas en Galicia.

No seu rogo indica uns horarios e días erróneos, dado que ese teléfono funciona de luns a venres dende as 09:00 horas ata as 23:00 horas, excepto festivos, e non funciona os sábados.

En calquera caso, non existe ningún problema en sumalo aos demais números de teléfono.

12º.- Sobre o traspaso do centro de saúde ao SERGAS, a Presidencia contesta que coa pandemia quedou todo parado e na medida en que se vaia superando esta situación, reactivarase este tema.



13º.- Respecto á desagregación das xornadas cobradas polos membros do equipo de goberno, di que lle sorprende a pregunta, porque esa información sae nos cadros de indemnizacións por asistencias, mesas e outros por trimestre cando se aproba en Xunta de Goberno Local e sae publicado na páxina web xunto co resto da información.

No primeiro trimestre de 2021 hai só un concelleiro que cobrou xornadas, que é o Sr. Cernadas Méndez, 178,75 €. Son 55€ por xornada.

Dona Raquel Sangiao pregunta cal é o concepto.

A Presidencia responde que terá que solicitalo por escrito e despois xa é cuestión de tesourería facilitar os datos despois de que estea visado por secretaría.

14º.- Sobre a inversión en euros feita nas parroquias do concello dende o 2015 ata o remate 2020, a Presidencia contesta que pode coller as actas das sesións plenarias, xuntas de goberno, facturas aprobadas, portal de contratación, etc. e comprobalo. Está todo na páxina web dende o 2015 ata agora e pode facer unha composición de lugar. Di que a el non lle corresponde facer o traballo da oposición.

15º.- Respecto á ausencia dos boletíns de información municipal de xaneiro e febreiro na páxina web, a Presidencia di que se non se subiron é porque non os houbo. Dende o inicio da pandemia non saíu todos os meses, entre outras cousas porque non había contidos para o boletín todos os meses. A partires de agora se se reactivan as actividades das asociacións, concello, etc. sairá todos os meses.

16º.- Sobre do que pasa cos viñedos en Vilanova, di que é unha opinión que non comparte.

-- Ás preguntas de don Carlos García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre en que se investiron os cartos que xerou a corta dos pinos na leira que está en fronte da gardería, a Presidencia di eses cartos van axudar a pintar a escola unitaria de San Fins, e está de acordo en que os cartos que se xeran nunha parroquia se invistan na mesma parroquia.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre se pasou algo coa depuradora de Bazar e se existe unha denuncia cruzada entre a empresa Espina y Delfín e o concello, a Presidencia di que non hai nada diso. O que houbo foi unha proposta de mellora nun aspecto concreto da depuradora, onde todas as partes estaban de acordo, non afecta ao orzamento do proxecto e foi notificada esa modificación á Deputación.

2º.- Respecto a se a Garda Civil denunciou ao concello por usar maquinaria con gasóleo agrícola, a Presidencia di que o que sucedeu é que o 16/04/2021, nunha inspección na zona dos axentes de aduanas, un dos tractores do concello, que está autorizado en usar o gasóleo agrícola en labores agrícolas, ese día de forma extraordinaria, estaba botando unha man no arranxo dunha pista, actividade non permitida para usar o gasóleo B. Levantaron acta e rematará coa imposición da multa que corresponda.

3º.- Sobre a proposta por escrito presentada polo BNG en relación aos viñedos de Vilanova, di que queda para o seguinte pleno.



4º.- Respecto á máquina de asfaltado e ás inmatriculacións, di que son opinións que non comparte.

-- Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os pregos do SAF, a Presidencia di que o que dixo naquel momento foi que coa adxudicación do contrato xa se implementaban as melloras. De feito veñen valoradas nos pregos e acompañanse como anexo aos pregos os acordos coas traballadoras.

Contaban que en maio do 2021 o novo contrato xa estivera adxudicado e funcionando e por tanto as traballadoras gozando das melloras que están vinculadas a ese novo prezo do contrato.

2º.- Respecto ao valor patrimonial de Vilanova, a Presidencia di que por suposto que hai que protexer o patrimonio do concello, agora ben, o de balizar todos os bens patrimoniais parécelle cando menos complexo, tendo en conta que parte deles sitúanse en propiedades privadas.

En canto a catalogar aqueles que non o están, é unha cuestión a estudar e traballar cos profesionais. De feito, nas modificacións parciais que se fixeron do PXOM, sempre vai algunha cuestión respecto a iso e se fai a ficha correspondente, como pasou co CEIP de Ortigueira.

3º.- Sobre o acceso á base de datos do arquivo histórico, di que non hai problema en consultar o arquivo histórico, previa solicitude por rexistro.

## **8º.- Rogos e preguntas.**

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Na feira de turismo FITUR, saía unha empresa de Santiago promocionando o turismo de autocaravana, e quere recordar que xa lle solicitaron na anterior lexislatura e nesta un punto de servizos para este tipo de vehículos e seguen a esperar por el.

2º.- Anuncian dende a Xunta de Galicia que se van celebrar festas este ano. Pregunta se algunha comisión de festas contactou co concello e se vai haber limitación de aforo.

A Presidencia contesta que cando saia a normativa, imaxina que as comisións de festas tomarán a decisión de celebralas ou non e poranse en contacto co concello. As festas que tiñan que terse celebrado ata esta data, ningunha parroquia as fixo.

3º.- Pregunta se é verdade que vai marchar un médico do centro de saúde de Vedra, e no caso de que sexa certo, se vai vir un substituto ou vai quedar en déficit.

4º.- Respecto ao problema que existe no cruce de Sarandón, a Presidencia respondeu a unha pregunta de dona Yolanda Vieiro, que xa falara coa Deputación para ver se facía o



proxecto, etc. Recórdalle que tamén está involucrada unha estrada de titularidade autonómica e pregunta se non lle vai pedir nada á Xunta de Galicia.

Intervén a Presidencia para dicir que non debe confundir as respostas. O que dixo é que alí se cruzan dúas vías; unha da Deputación e outra da Xunta de Galicia, e que para dar unha solución óptima alí habería que expropiar vivendas. Evidentemente iso ten que ser unha solución conxunta entre as dúas administracións. O que comentou é que o concello ten solicitado que no tramo da Deputación, dende o cruce ata a ponte de Sarandón, estea nesta lexislatura o proxecto. Cre que é unha boa oportunidade de que se hai ese proxecto, entre as dúas administracións se poida chegar a unha solución no cruce. Os propios técnicos din que cando hai que expropiar vivendas non ten fácil solución, non polo factor económico senón polo tema social.

5º.- No pleno de marzo solicitou un informe sobre a porcentaxe de extensión da rede de saneamento e da rede de abastecemento por parroquias. Aínda non contestou e volve solícialo.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta por que non se reactivaron as actividades deportivas dos nenos e si as de adultos, e como se van axustar os importes pagados e non desfrutados.

2º.- Pregunta quen foi ao comezo da lexislatura o responsable dos membros do equipo de goberno do punto limpo, e quen é na actualidade, e se se cambiou porque se produciu ese cambio.

3º.- Gustaríalle felicitar aos servizos sociais do concello polo seu traballo na época da pandemia, anima a que cando exista esa elevada carga de traballo se contrate máis persoal.

4º.- Sospeita que non lle vai facilitar a inversión por parroquias. Está claro que é abismal a diferenza dunhas parroquias a outras. A discriminación aos veciños segundo a residencia é flagrante.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que revisen a estrutura da ferverza do río Pereiro porque xa comeza a ir xente e esa estrutura está ameazando ruína e hai que estabilizala.

2º.- Solicita o convenio coa nova empresa que xestiona o punto limpo.

3º.- Sobre o tema do cruce de San Miguel, o outro día houbo un conato de accidente entre un camión e un automóbil, e non cre que sexa recomendable nin san acometer





unha expropiación alí. Cre que é moito máis sensato solicitar a colocación de limitadores físicos de velocidade.

Solicita que se faga o mesmo traballo que fixo coa Deputación solicitando a cesión da vía ou ben que se coloquen uns limitadores de velocidade.

4º.- Faise eco dunha reclamación dos veciños de Matelo que nunca tiveron teléfono fixo e agora tampouco poden ter fibra. Recórdalle que está pendente de solución.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita o arranxo do asfalto con urxencia de practicamente a totalidade do concello porque está en moi mal estado. Pregunta se se pode facer xa ou se hai que esperar a que se homologue a famosa máquina de asfaltado do concello.

2º.- Respecto á problemática dos terreos de Vilanova adquiridos para a plantación de viñado, en teoría houbo unha xuntanza coa empresa na que ían dar axudas aos veciños. Os veciños de Vilanova comentáronlle que ademais daquela inundación que tiveran en Semana Santa, houbo xa dúas máis.

Pregunta que está a facer a empresa ao respecto para que non volva suceder.

3º.- Ao lado da capela do Santiaguíño hai unha zona valada de xeito feble na que hai unha poza profunda na que calquera persoa pode caer. Pregunta se se pode facer algo ao respecto para evitar unha desgraza.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas.